



Na proba disputada dentro da XIII Festa dos Caçadores de Macedo de Cavaleiros

Os cazadores galegos copan o podium de San Huberto en Portugal

Podium galego no Campionato Internacional de San Huberto, celebrado o pasado día 27 de xaneiro en Macedo de Cabaleiros; tamén puntuable para o campionato nacional de Santo Huberto de Portugal. Un total de 32 deportistas participaron neste campionato, dos que 8 facían representando á Zona Norte ou 1ª Rexión Cinexética de Portugal, que abarca a tódolos territorios situados ó norte do río Duero, no Campionato Nacional. Outros 16 portugueses e 8 galegos facían na clase aberta.

Galicia estivo representada por: M^a del Carmen Iglesias, Antonio Conde, Jorge Martín, Roberto Dopico, Jaime Aneiros, Juan Ramón Suárez, Pedro Varela e Juan Seijo como deportistas; Rafael Sánchez Malvar e José Lugrís participaron como xuíces na proba. Ambos xuíces, directivos da FGC, xunto con José Castro Rivela, ostentaron a representación da Federación Galega de Caza. A televisión e a radio galegas tamén estiveron presentes en Portugal para cubrir o desenvolvemento dos nosos deportistas.

O campionato levouse a cabo en catro campos de terreos con orografía e vexetación moi desigual a pesares de ser limítrofes. Así pois, tras o desenvolvemento da proba, a clasificación foi a seguinte:


Clasificación final

Pos.	Cazador	Procedencia
1º	Jorge Martín	Galicia
2º	Juan Ramón Suárez	Galicia
3º	M^a del Carmen Iglesias	Galicia
4º	Alberto Enriques	Portugal
5º	Carlos Pires	Portugal
6º	Antonio Conde	Galicia
7º	Castor Novoa	Galicia
8º	Jaime Aneiros	Galicia

Tras a proba de San Huberto, e no mesmo escenario do barrage, un grupo de cetreiros leoneses asistidos polo galego Jorge Martín e a súa cadela Ja da Chousa, fixeron unha demostración de halcón peregrino e harris. De seguido a está demostración foi a comida de clausura e entrega de premios de rigor.



Jorge Martín, gañador da proba



Juan Ramón Suárez foi o segundo clasificado



M^a Carmen Iglesias Comesaña finalizou en terceira posición



A festa tamén contou cunha pequena demostración de cetrería



Diversos representantes da FGC estiveron presentes en Macedo



Ja da Chousa, a cadela de Jorge Martín